



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa		Código	613G03022
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Crespo Garcia, María Begoña	Correo electrónico	begona.crespo.garcia@udc.es	
Profesorado	Amenedo Costa, Mónica María	Correo electrónico	monica.amenedo@udc.es	
	Crespo Garcia, Maria Begoña		begona.crespo.garcia@udc.es	
Web				
Descrición xeral				
Aspectos xeográficos, históricos, artísticos e culturais dos países de fala inglesa.				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Os alumnos apreciarán a importancia da historia e cultura no desenvolvemento da literatura, lingua e sociedade en países de fala inglesa.	A2	B1	C3
Examinarán fontes primarias e secundarias, aprendendo a comparar, contrastar e analizar criticamente.	A6	B3	
Coñecerán as causas detrás das diferenzas, o comportamento e a mentalidade culturais.	A11	B4	
Saberán relacionar os seus coñecementos nesta materia con outras materias do Grao en Inglés.	A15	B5	
Serán capaces de redactar textos /resumos correctamente.	A17	B6	
Serán capaces de expoñer os seus achados oralmente en beneficio dos seus compañeiros.	A18	B7	
Apreciarán que a cultura e a historia teñen moito que ver coa literatura e o desenvolvemento da lingua.	A19	B8	
	A20		
	A21		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Explicación xeral (datas de entrega, sistema de avaliación, etc.)
2. Breve historia das Illas Británicas e a súa influencia no desenvolvemento da lingua	2.1. Romanos, anglosaxones e viquingos
	2.2. A conquista normanda de 1066 e as súas consecuencias culturais e lingüísticas
	2.3. Gales e o dominio da coroa inglesa
	2.4. A independencia de Escocia; Bannockburn 1314
	2.5. A dinastía Tudor e a súa chegada ao trono: os restos dun rei debaixo dun parquin; a Armada Invencible
	2.6. O xuízo de Carlos I; a República; o retorno da monarquía
	2.7. A Revolución Industrial; a época vitoriana; o imperio. Irlanda e a Great Famine
	2.8. A Primeira Guerra Mundial; a Segunda Guerra Mundial
3. Breve historia dos Estados Unidos	3.1. Os primeiros tempos. A época colonial
	3.2. Cara á independencia
4. A Xeografía humana e física das Illas Británicas	4.1. Clima. Trazos xeográficos; a mentalidade de unas illas



5. A Xeografía humana e física dos Estados Unidos	5.1. Clima. Trazos xeográficos
6. A constitución do Reino Unido	6.1. Goberno
	6.2. Elección de representantes; o papel da monarquía. A crise da Abdicación 1936
7. A constitución dos Estados Unidos	7.1. Goberno
	7.2. Elección de representantes; o papel do presidente
8. As relacións exteriores	8.1. O Reino Unido e a UE; Brexit
	8.2. A relación especial cos EE.UU.
9. Mulleres destacadas nos países de fala inglesa	9.1 Papel e influencia cultural.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A11 B5 B8	13	20	33
Lecturas	A2 A11 A15 A19 A20 A21	0	34	34
Investigación (Proxecto de investigación)	A6 A18 B1 B6 C3	5	0	5
Proba mixta	A2 A11 B7	2	20	22
Sesión maxistral	A17	21	15	36
Prácticas a través de TIC	B3 C3	8	9	17
Discusión dirixida	B4	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Análise dunha gran variedade de fontes primarias e secundarias
Lecturas	Textos variados como apoio ao coñecemento. Fontes en formato físico e virtual.
Investigación (Proxecto de investigación)	Consistirá nunha análise crítica e unha avaliación da contribución positiva e/ou negativa dun acontecemento ou unha persoa (non viva) á sociedade e ás culturas de fala inglesa.
Proba mixta	Proba escrita: respostas breves; redacción de pequenos comentarios; identificación de elementos significativos
Sesión maxistral	Explicacións, orientacións, recomendacións para o estudo individual; traballo en equipo, resolución de problemas, aprendizaxe baseada en retos. Empregarase a metodoloxía da aula invertida.
Prácticas a través de TIC	Acceso a materiais e fontes a través de Internet. Estudo e avaliación crítica. Creación de videoclips, presentacións, podcasts, mapas mentales, etc.
Discusión dirixida	Temáticas variadas para razonar, comparar, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Os alumnos consultarán acerca do mellor xeito de abordar a realización deste tipo de tarefa. Ofreceranse consellos prácticos.</p> <p>A profesora está dispoñible durante as horas de tutoría para resolver problemas ou ofrecer suxestións, previo contacto por correo electrónico.</p> <p>Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en http://www.udc.es/cufie/uadi/. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A6 A18 B1 B6 C3	<p>-Os alumnos realizarán un proxecto colaborativo (só en casos excepcionais e coa autorización do profesorado podería realizarse individualmente).</p> <p>-O proxecto consistirá nunha análise crítica e unha avaliación da contribución positiva e/ou negativa dun acontecemento ou unha persoa (non viva) á sociedade e ás culturas de fala inglesa. Non se trata dunha mini-biografía, listaxe de logros, folleto de tipo turístico/histórico, etc. (como en Wikipedia),</p> <p>-O proxecto consistirá en (i) unha presentación oral (en clase) en datas que se anunciarán en Moodle; (ii) un resumo de 500 palabras, con 5 palabras clave, bibliografía e recursos dixitais consultados. Instrucións específicas en clase e en Moodle.</p> <p>-O alumnado queda avisado de que a facultade dispón dunha ferramenta informática (Turnitin) para detectar plaxio (é dicir, copiar o traballo doutros en parte, ou enteiramente), ademais de detectar se un traballo xa foi entregado como parte doutra materia polo mesmo estudante. O plaxio implicará un 0 nesta parte da avaliación.</p>	30
Proba mixta	A2 A11 B7	Proba escrita: respostas breves; redacción de pequenos comentarios; identificación de elementos significativos, obxectos, documentos históricos e culturais, cadros, trazos xeográficos.	50
Prácticas a través de TIC	B3 C3	<p>Nas sesións interactivas, o alumnado traballará na análise e avaliación crítica de fontes primarias e secundarias procedentes de Internet.</p> <p>Entregaranse dous traballos. Os temas e as datas en Moodle. A entrega tardía penalizarase.</p> <p>O plaxio, que inclúe cortar e pegar, implicará un 0 nesta parte da avaliación.</p>	20

Observacións avaliación



Probamixta: data aprobada por Xunta de Facultade para o curso 2023-24 (primeira oportunidade en xaneiro 2024). As datas para a entrega de tarefas e a presentación deben respectarse; calquera incidencia que impida cumprir cos requisitos debe xustificarse documentalment. Para aprobar a materia é necesario conseguir un 5 sobre 10 en cada apartado da avaliación. A oportunidade de xullo basearase na repetición da(s) parte(s) da avaliación que non se superaron, conservando os mesmos porcentaxes (30% + 50% + 20%). Os temas para a repetición de xullo (tarefas escritas) anunciaranse en Moodle. Aplicarase unha penalización pola entrega tardía. Obterá unha cualificación de ?Non Presentado? aquel/a estudante que non se presente á proba escrita (a mixta), e que tampouco entregase polo menos un 50% das tarefas prácticas. Os alumnos/as que suspendan na primeira oportunidade e non se presenten á oportunidade de xullo terán a nota de suspenso. Os alumnos/as que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. Estes estudantes deben poñerse en contacto co profesorado ao comezo do cuadrimestre para informarlles desta circunstancia. Aqueles alumnos que oficialmente fosen matriculados a tempo parcial, e/ou que posúan unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade (primeira ou segunda) seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo. É OBRIGATORIO DEMOSTRAR UN NIVEL B2 DE inglés para aprobar a asignatura. O non demostrares este nivel de lingua pode ser, exclusivamente, motivo de SUSPENSO.

Diversidade: A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

#De acordo coas distintas normativas que regulan a docencia universitaria, é necesario incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde unha perspectiva de xénero e o fomento da participación de todos os alumnos en clase, independentemente do seu sexo. -Prestaremos especial atención á identificación e tratamento de prexuízos e actitudes sexistas. Traballaremos activamente na modificación desta contorna e na promoción de valores de respecto e igualdade. -Os nosos esforzos centraranse en detectar casos de discriminación por razón de sexo e poñer en marcha as accións oportunas para emendalos.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - O'Driscoll, James (2009). Britain for Learners of English. Oxford: O.U.P. - CORBISHLEY, MIKE, et al. (1998). THE YOUNG OXFORD HISTORY OF BRITAIN AND IRELAND. OXFORD: O.U.P. - Crowther, J. (1999). Oxford Guide to British and American Culture. Oxford: O.U.P. - McDowall, David (1989). An Illustrated History of Britain. London: Longman - Storry, Mike; & Peter Childs (1997). British Cultural Identities. London: Routledge - Egerton, Judy (1998). The British School. London: National Gallery Publications
Bibliografía complementaria	- National Gallery, London (). http://www.nationalgallery.org.uk/ .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G03003
Lingua Inglesa 2/613G03008
Lingua Inglesa 3/613G03015
Lingua Inglesa 4/613G03019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



A asistencia habitual é fundamental para o estudo desta materia. Dado que algunhas tarefas se entregarán durante as clases prácticas, non asistir implica renunciar a estas cualificacións.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías